



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación do expediente de contratación obras de “Conservación de rúas no casco urbano do Concello de Laxe (Rúas Panaderas e Sol)”

Expte. Admvo. Núm. 2022/C003/000003

Expte. Decreto Núm. 2022/G003/000604

Á vista dos antecedentes do expediente da licitación do contrato de “Conservación de rúas no casco urbano do Concello de Laxe (Rúas Panaderas e Sol)”, subvencionado polo Plan Único de Concellos POS+ Adicional 1/2019, da Diputación de A Coruña.

As características do contrato son as seguintes:

Tipo de contrato: Obras	
Obxecto do contrato: “Conservación de rúas no casco urbano do Concello de Laxe (Panaderas e Sol)”	
Procedemento de contratación: Aberto simplificadoísimo ou simplificado sumario	Tipo de Tramitación: Ordinaria
Código CPV: 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado	
Valor estimado do contrato: 25.207,20 euros	IVE 21%: 5.293,51 euros
Importe total: 30.500,71 euros	
Duración: 8 semanas	

Visto o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. José Juan Tarrío González, (ATIGA INGENIERÍA Y URBANISMO), denominado “CONSERVACIÓN DE RÚAS NO CASCO URBANO DO CONCELLO DE LAXE (Rúas Panaderas e Sol)”, de data maio de 2019, por importe de 25.207,20 €, máis 5.293,51 euros de IVE, facendo un total de 30.500,71 euros, aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 407/2019 de data 14/06/2019.

Á vista das características e do importe do contrato óptase pola adxudicación mediante procedemento aberto supersimplificado ou simplificado abreviado, do artigo 159.6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Vista a concesión de subvención incluída no Plan Único de Concellos POS+ Adicional 1/2019, da Diputación de A Coruña.

Visto os pregos de cláusulas administrativas particulares redactados en data 07/10/2022 para a licitación deste contrato.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto supersimplificado ou simplificado abreviado do artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, obras de "Acondicionamento accesos á capela de Santa Rosa e ao Muíño de Vento, no concello de Laxe" convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente:

Exercicio	Aplicación orzamentaria	Proxecto de gasto	Importe
2022	2022.1532.619.00	2019 2 POS AD	30.500,71 €

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a contratación mediante procedemento aberto supersimplificado ou simplificado abreviado do presente contrato de obras.

CUARTO. Aprobar como Prego de Prescricións Técnicas Particulares o proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. José Juan Tarrío González, (ATIGA INGENIERÍA Y URBANISMO), denominado "CONSERVACIÓN DE RÚAS NO CASCO URBANO DO CONCELLO DE LAXE (Rúas Panaderas e Sol)", de data maio de 2019, por importe de 25.207,20 €, máis 5.293,51 euros de IVE, facendo un total de 30.500,71 euros, aprobado por Resolución de Alcaldía núm. 407/2019 de data 14/06/2019.

QUINTO. Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto supersimplificado ou simplificado abreviado, con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 10 días hábiles dende o seguinte á publicación se presenten as proposicións que se estimen pertinentes, de conformidade co artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. De acordo co contrato para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanístico e coa Resolución de Alcaldía núm. 568/2022, de data 04/10/2022, a empresa Atomo Estudio Técnico, S.L. realizará as tarefas de Dirección de obra e Coordinación de Seguridade e Saúde.

SÉTIMO. Designar ao director de obra como responsable do contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

OCTAVO. Designar á Unidade Técnica (Servizo de contratación) formada por:

O/A secretario/a interventor/a do Concello de Laxe, ou persoa que legalmente a substitúa.

AEDL do Concello de Laxe, ou persoa que legalmente a substitúa.

O Técnico de Xestión, como funcionario interino, ou persoa que legalmente o substitúa.

NOVENO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

DÉCIMO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

UNDÉCIMO.- Finalizado o prazo de presentación de proposicións, procederase á apertura das proposicións mediante dispositivo electrónico e á súa valoración.

Mándao e asínao, en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o primeiro tenente alcalde D. Francisco Charlín Oróns (delegación por ausencia, Resolución nº 509, de 13/09/2022), do que eu, como secretaria accidental, dou fe.

O primeiro tenente alcalde,
Asdo. Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora accidental,
Asdo. Emilia Alborés Lema

FIRMADO POR Francisco Charlín Oróns (FECHA: 10/10/2022 08:31:00)

Emilia Alborés Lema

(FECHA: 07/10/2022 14:03:00)

Decreto Nº: 582/2022 - Fecha de decreto: 07/10/2022
Versión imprimible

CVD: z1jY3xpbakzjk0RUUT60
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Asunto: Aprobación do expediente de contratación obras de “Conservación de rúas no casco urbano do Concello de Laxe (Rúas Panaderas e Sol)”

Expte. Admvo. Núm. 2022/C003/000003

DILIXENCIA DE CORRECCIÓN DE ERROS

Exténdoa eu, secretaria accidental, para facer constar que na resolución 582/2022 de data 07/10/2022, existe o seguinte erro:

"PRIMEIRO. *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto supersimplificado ou simplificado abreviado do artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, obras de "Acondicionamento accesos á capela de Santa Rosa e ao Muíño de Vento, no concello de Laxe" convocando a súa licitación."*

Que queda correxido, do seguinte xeito:

"PRIMEIRO. *Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto supersimplificado ou simplificado abreviado do artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de obras de "Conservación de rúas no casco urbano do Concello de Laxe (Rúas Panaderas e Sol)" convocando a súa licitación."*

Laxe, na data da sinatura á marxe
A secretaria-interventora accidental
Emilia Alborés Lema